



**CONCELLO DE BUEU**

**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.: C25/15

## ANUNCIO

Asto.: Modificación dos PCAP que rexen o arrendamento dun ben inmovible (local de oficinas) por concurso público para destinalo a oficina municipal.

O Pleno da corporación municipal do concello de Bueu, na sesión ordinaria celebrada o pasado 4 de maio de 2015, acordou o seguinte:

1º.- Modificar o paragrafo 6º da cláusula 4º dos PCAP que rexen o arrendamento dun ben inmovible (local de oficinas) por concurso público para destinalo a oficina municipal, co obxecto de adaptalo ao novo réxime de modificación dos valores monetarios das variables económicas que resulta da citada lei 2/2015 de 30 de marzo, do seguinte xeito:

**“ (...) A actualización na data en que se cumpra cada ano de vixencia do contrato, a partir dos dous primeiros anos, realizarase aplicando á renda correspondente á anualidade anterior a variación anual do índice de precios do alquiler de oficinas a nivel publicado polo Instituto Nacional de Estatística (INE), á data de cada revisión, tomando como trimestre de referencia o que corresponda ao derradeiro índice que estivera publicado na data de revisión do contrato.(...)”**

Logo da modificación sinalada o paragrafo 6º da cláusula 4º dos PCAP que literalmente dí:

*“A actualización na data en que se cumpra cada ano de vixencia do contrato, a partir dos dous primeiros anos, realizarase aplicando á renda correspondente á anualidade anterior a variación porcentual experimentada polo índice xeral nacional do sistema de índices de prezos de consumo (IPC) nun período de doce meses inmediatamente anteriores á data de cada actualización, tomando como mes de referencia para a primeira actualización o que corresponda ao último índice que estivera publicado na data de celebración do contrato, e nas sucesivas, que corresponda ao último aplicado.”*

Queda substituído polo seguinte:

*“ (...) A actualización na data en que se cumpra cada ano de vixencia do contrato, a partir dos dous primeiros anos, realizarase aplicando á renda correspondente á anualidade anterior a variación anual do índice de precios do alquiler de oficinas a nivel publicado polo Instituto Nacional de Estatística (INE), á data de cada revisión, tomando como trimestre de referencia o que corresponda ao derradeiro índice que estivera publicado na data de revisión do contrato.(...)”*

2º.- Ordear a publicación do correspondente anuncio relativo á modificación sinalada no paragrafo anterior da parte resolutiva da presente proposta no perfil de contratante e no taboleiro de anuncios da casa consistorial.

En Bueu, a 5 de maio de 2015

O alcalde

Félix Juncal Novas